

## En que consiste o programa municipal “VIGO EN INGLÉS”?

Despois dos positivos e satisfactorios resultados acadados no desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo (VIGO EN INGLÉS), a nova edición 2017 desta iniciativa didáctica tentará seguir promovendo a mellora da competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de Vigo, dentro do marco do programa educativo municipal “Aulas Internacionais”.

A convocatoria do programa municipal VIGO EN INGLÉS 2017 constará de ata un máximo de 657 prazas para alumnado de 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) en réxime de concorrida competitiva, (570 prazas en asignación directa segundo contratos en vigor dos exptes. administrativos 16073-332 e 17468/332, e outras 87 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte. administrativo 18373-332 para resolución final de acordo de “contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante intergración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2017”). Esta oferta desglosase nun total de 357 (313+44) prazas para alumnado de 3º de ESO escolarizado en centros públicos e nun total de 300 (257+43) prazas para alumnado de 3º de ESO escolarizado en centros privados-concertados.

O programa permitirá realizar viaxes e estadías de inmersión lingüística a Reino Unido e/ou Irlanda que teñen como obxectivo ofrecer aos alumnos e alumnas de 3º de ESO dos centros educativos sostidos con fondos públicos da nosa cidade, a oportunidade de mergullarse na lingua e cultura británicas e aprender nas escolas locais ou High Schools en réxime de integración escolar co alumnado nativo, como se fosen un máis da clase. Por este motivo, as viaxes, dunha duración de 3 semanas, teñen previsto comezar aproximadamente na primeira quincena de setembro, de xeito que poidan empezar o curso escolar nos centros británicos, e a estadía rematará como moi tarde preferentemente na primeira semana de outubro de 2017.

As prazas incluirán o importe da matrícula no programa lectivo e o material necesario para completalo e acreditar a súa finalización, así como os custos de aloxamento en familias anfitrións e manutención en réxime de pensión completa. Asemade, incluirá os gastos derivados, do curso intensivo de mellora en lingua inglesa, da organización de actividades extraescolares e de lecer e visitas didácticas a centros de interese do país de acollida —que se desenvolverán en inglés e guiadas por monitorado bilingüe—, así como o importe das viaxes de ida e volta, dos seguros de viaxe e responsabilidade civil, e do transporte urbano ata o centro de ensino de integración asignado.

Agardando a túa proveitosa participación no programa educativo “Vigo en Inglés 2017”, recibe un cordial saúdo.

Abel Caballero. Alcalde de Vigo

CONCELLO  
DE VIGO



## VIGO EN INGLÉS Programa Educativo Municipal



CONCELLO  
DE VIGO



### SERVIZO DE EDUCACIÓN

Praza do Rei s/n, Planta 11ª - 36202 Vigo

Teléfono: 986 81 01 81

E-mail: [vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)

[www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org)

2017

Becas de inmersión en lingua inglesa

[www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org)

## CALES SON OS REQUISITOS PARA SOLICITAR A PARTICIPACIÓN?

- a) Estar a cursar 3º de ESO nun centro educativo sostido con fondos públicos do Concello de Vigo durante o curso académico 2016/2017.
- b) Ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO.
- c) Ter obtido, como mínimo, unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2º de ESO.
- d) Estar empadroado/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- e) Non ter concedida, no ano 2017, outra axuda coa mesma finalidade.
- g) Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

## COMO PODES SOLICITAR A PRAZA?

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai, ou titor/a legal) dos alumnos/as, e se pode consultar o contido íntegro das bases da convocatoria e descargar todos os formularios necesarios no sitio web [www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org).

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP. Dentro do prazo que proceda, os interesados deberán presentar no Registro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) a seguinte documentación:

a) **Anexos** da convocatoria (descargables no sitio web [www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org)) asinados polo alumno/a beneficiario/a e os solicitantes (pai e nai, ou titor/a legal), segundo corresponda:

- Anexo I: Solicitud de participación no VIGO EN INGLÉS 2017.
- Anexo II e **certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo na que conste **estar matriculado en 3º de ESO no curso académico 2016/2017, ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO, e a nota final en lingua inglesa de 2º da ESO.**
- Anexo III: Autorización do representante legal (pai, nai, ou titor/a legal).
- Anexo IV: Declaración complementaria do conxunto de axudas concedidas para a mesma finalidade.

b) **Fotocopia simple do DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor).

c) **Fotocopia simple do DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) dos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) que asinan a solicitud de participación do Anexo I.

d) **Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar** ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, **acreditar documentalmente outras circunstancias familiares** considerando como tales: familia numerosa, pai/hai solteiro/a, divorcio ou separación, viúvo/a.

e) **Certificado de discapacidade**, de ser o caso.

f) **Xustificación de ingresos**: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitud de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

g) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico orixinal** que así o acredeite.

## CAL É O PROCESO PARA A ACEPTACIÓN DA PRAZA?

As listas de prazas adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas na web do programa VIGO EN INGLÉS. Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo de 5 días hábiles, o **Anexo V**, de aceptación ou renuncia da praza concedida, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.

## ONDE TES QUE DIRIXIRTE?

Para recoller os impresos de solicitude e para formular calquera consulta en horario de 09:00 a 14:00 h. de luns a venres, podes poñerte en contacto co Servizo de Educación do Concello.

### Enderezo

Servizo de Educación · Programa VIGO EN INGLÉS  
Praza do Rei s/n, Planta 11ª · 36202 Vigo

### Teléfono

986 81 01 81

### E-mail

vigoeningles@vigo.org

A documentación requirida para tramitar a solicitude deberás presentala dentro do prazo establecido no Rrexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n 36202 Vigo) de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 horas.

**En todo caso, cómpre remitirse ao contido específico recollido nas Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de Inmersión en Lingua Inglesa VIGO EN INGLÉS 2017 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do 10/febreiro/2017.**

**WWW.VIGOENINGLES.ORG**